

xosé otero  
canto  
telúrica



1º PREMIO XLII EDICIÓN CERTAME LITERARIO CONCELLO DE VILALBA

**alvarellós**



**XOSÉ OTERO CANTO** nace na Ponte de Outeiro, Castro de Rei, A Chaira (Lugo) en 1951.

É catedrático de Lingua Castelá e Literatura no IES Lucus Augusti.

Autor dos libros de poemas *Salaos da Chaira; Arelas de prata e soños; Miño, río pai e amigo; Guía poética da muralla de Lugo; Outono, mancebo céfiro de ás ergueitas; Poemas da cidade e Poética da viaxe, Valuria e As Catedrais, portas do misterio.*

Foi recoñecido cos premios do Certame Internacional de Poesía e Conto Breve do Centro Cultural Rosalía de Castro de Buenos Aires, o Certame Nacional de poesía sobre O Nadal (Begonte), o Manuel Orestes Rodríguez López (Paradela), o Certame de Poesía Anduriña Voandeira de Bilbao e, en varias ocasións, co primeiro ou segundo premio do Certame Literario do Concello de Vilalba. A última delas, ata hoxe, en 2016, con este poemario titulado *Telúrica*.

*TELÚRICA de Xosé Otero Canto  
obtivo no ano 2016 o Primeiro Premio da XLII edición  
do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*


*O xurado estivo composto por José Antonio Pita Paz  
(presidente), Darío Villanueva Prieto, M<sup>a</sup> Carmen Gueimunde González,  
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*



*Concello de Vilalba*

XOSÉ OTERO CANTO

# TELÚRICA



**alvarellos**

Libros do Sarela



© ALVARELLOS EDITORA, 2017  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
correo@alvarellos.info  
www.alvarellos.info

© Xosé Otero Canto

© Fotografía da capa: Museo das Peregrinacións e de Santiago.  
Fragmento dun xugo de madeira de piñeiro datado entre os séculos  
IX-X e localizado en 2010 durante as excavacións para o actual Museo  
das Peregrinacións e de Santiago, na praza das Praterías.

© Ilustracións interiores de José María Lugilde

Deseño e maquetación: Alvarellos Editora  
Impreso en Podiprint

Depósito Legal C 1058-2017  
ISBN 978-84-16460-22-9

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública  
ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización  
dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO  
(Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa  
fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

*Sempre a  
Susana Altea Otero  
e María Jesús Muínelo*

*E que belo ser terra nunhas voces pasadas  
que perduran no tempo!*

XOSÉ M. LÓPEZ GÓMEZ (Ardeiro)

*Come estimen la nova  
terra de l'aspre pa  
que deixa a les velles boques  
sempre regust de sang!*

SALVADOR ESPRIU "La pell de brau"

## INCIPIIT (ABANDONO)

DEIXÁDEME NO SILENCIO desbocado de abandono.

Non merecer inmóbil nada,

nin unha froita amarga,

nin tan sequera unha palabra baleira.

Só

na soidade do frío

comungando coa miña inexistencia a falta.

Sempre palabras que maltratan as suores.

Sempre evidenciando as miñas nimias

humanidades.

Necesitas bolboretas que te aprecien,

que saiban as verdades.

Mans de auga clara.

Sementes de palabras cariñosas.

Berce de coidados e de soños.

Mais, non hai ninguén,

porque os demais son ninguén.

Ben sabes que foxes ao cubículo atormentado

porque non hai ninguén, ninguén..., ninguén

que un día derrotado fale nos teus silencios,

que unha noite réproba note a túa existencia.

Paxaro desniñado.

Maltrato de palabra e de obra para empequenecerte,

para destruír a inmensidade do teu silencio.

Co camiño baleiro para ningures

dou comezo a este poemario.

## NAI TERRA QUE NOS ENXENDRAS

TERRA QUE NOS ENXENDRAS,  
nai terra do tempo,  
nai terra da escuridade.  
Po de antigüidade  
xirando impasible no universo perdido.  
Lume nas entrañas.  
Cinza seminada de séculos.  
Corpo sacratísimo dos nosos  
sementada de luz e bébeda de auga.  
Dende o fondo do abismo  
chámamos para xermolar verdades  
que medran,  
verdores que agroman entre as árbores,  
ríos coma veas que fecundan  
a herba infinita da infinita Chaira,  
as árbores que nun odio secular  
medran cara ao ceo  
escapando dun odio destrutor  
que é hamonía de especies.  
Entre o amor contumaz,  
entre o desprezo insurrecto dos nosos,  
escriboche este poemario  
—nai terra que nos enxendras—  
desde a fugacidade da miña estancia  
neste recuncho da terra  
e coa forza do amor.



## AGONÍA DA TARDE

DESDE A ESCURA cotra do ceo  
chove na Chaira,  
e unha ocarina de silencios baixa  
furando o pano da tarde.  
Saudade garnida nos anosos carballos  
que son homes caletrados  
pola couza alongada da auga.  
Silencios grises no mofo de alpacas molladas.  
Verdade de séculos que escoitan  
entre a paseniña auga;  
na terra de minocas vermellas  
hai nubes de antontes  
e gotas que cravan os corpos da alma  
coma garabullos espetados nas alimachas da melancolía,  
que abrolla e precede  
aos chirlos que xuntan os corpos nun punto  
da inmensidade e abranguen a chorosa  
e augacenta tarde.

## VIMOS DO FONDO DO TEMPO

VIMOS DO FONDO do tempo,  
da terra asolagada entre as valiñas  
dunha Chaira máis grande cá melancolía.

Vimos do trisquel encaixado na pedra da tristeza,  
nas cruces do hórreo abenzoadas de nordés  
e nas rodas trisceladas polo compás  
no carro do antonte.

Vimos do corno e do olifante  
que nos xunta para a batida  
na guerra da fin do mundo;  
vimos da buguina que precede ao roncón  
na gaita que da palleta fai país.

Vimos do acivro sacrosanto  
e do teixo vestido de palleiro,  
consagrado na citania dos druídas.

Vimos dun tempo proído polo sarillo da vida  
e dunha fonte que deita na bocanoite.

## ESCOITA

ESCOITA OS CARBALLOS renxer  
na soidade algueirada do vento  
e nas garnicelas engarabitando  
coma mulleres adobiadas de torques  
e preñadas de saudade  
coas barrigas cheas de niños de merlo.

Escoita as moscas e os tabáns  
nunha grea garafoula  
tras as vacas moscando ao sol de xullo  
no cénit das límpidas doce  
que é hora regradora e agulla  
da mañá e da tarde.

Escoita rombar os abesouros  
libando zumes antigos  
e pelos refregados entre flores  
que fecundan esencias de chorimas  
e dourados alecríns  
roubando o néctar que en celas deposita  
pendurando a casa dunha herba grande.

Escoita os nosos anceios  
disiparse na inmatura soidade longa,  
na prófuga soidade vouga  
desta Chaira.

Outros *Libros do Sarela*

**NENIAS CHAIREGAS**

**Xosé Otero Canto**

2º Premio Certame Literario de Vilalba 2012

**ROSA TÁNTRICA**

**Luz Pozo Garza**

Finalista II Gala do Libro Galego 2017

**SOBRE RUÍNAS**

**Xesús Rábade Paredes**

Premio da Edición de Galicia 2013

Premio Fervenzas Literarias 2013

Finalista Premio AELG 2013

**ADAGIO POR OUTONO**

**Modesto Fraga**

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2015

**ABRINDO FIESTRAS EN CARNE VIVA**

**Carlos Pereira**

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2014

**OS PRIVILEXIOS DOS SOMNÁMBULOS**

**Pablo Bouza**

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2013

Finalista Premios da Edición de Galicia 2014

**QUENDA DA CATIVIDADE**

**Xoán X. Piñeiro**

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2012

**RÍO ALZHEIMER**

**Carlos Pereira Martínez**

1º Premio Certame Literario de Vilalba 2011

**CATAVENTO DE NEUTRÓS DOMESTICADOS**

**Manuel María**

**VER CATÁLOGO EN [ALVARELLOS.INFO](http://ALVARELLOS.INFO)**

**TELÚRICA É UN BERRO** que sae do profundo, unha forza que se revira contra nós e que participa da terra. Herdeiro da mellor tradición poética dunha comarca tan literaria como a luguesa da Terra Chá, Xosé Otero Canto penetra como “o lume nas entrañas” na terra convertida en “corpo sacratísimo dos nosos”, mais tamén “sementada de luz” e “bébeda de auga”, unha terra moura que agroma en verde, tatuada e esculpida en vento. Nestes poemas, a riqueza léxica actúa cun brío fortificado ante o bastión inexpugnable do Telúrico. Xosé Otero Canto logrou coa solidez enérxica da palabra o Primeiro Premio do Certame Literario do Concello de Vilalba na súa edición nº 42 (2016).

O presente volume enriquecese coas ilustracións de José María Lugilde.



*Libros do Sarela*



*Concello de Vilalba*